

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO, A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR
(FUNDACIÓN CETMAR) E A FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN PARA A
REALIZACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DOS MEDIOS DE VIDA E A
SEGURIDADE ALIMENTARIA DA POBOACIÓN MEDIANTE O
FORTALECEMENTO DAS CADEAS DE VALOR DA PESCA E A
ACUICULTURA”, NO DISTRITO DE NAMAACHA, MOZAMBIQUE.**

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No exercicio das actividades propias e segundo establece o Plan Anual 2022 no ámbito da cooperación con entidades para actuacións de cooperación no exterior en materia de pesca e acuicultura propón que se sega coa colaboración con CETMAR para continuar coa cooperación en materia de financiando proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur (Perú, Cuba, Mozambique, etc.).

(2) Antecedentes:

A FUNDACIÓN CETMAR é unha fundación pública de interese galego con máis de 21 anos de experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento.

Por outra banda, a FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN (AeA) é unha ONGD que leva traballando no ámbito de cooperación para el desenvolvemento 40 anos coa misión de promover a solidariedade das persoas no mundo global para impulsar que a infancia, as súas familias e poboacións que sofren pobreza, exclusión e desigualdade, desenvolvan as súas capacidades para conseguir unha vida digna, de modo sostible.

A Fundación AeA desenvolveu actuacións en Mozambique, onde conta cun equipo humano con capacidade suficiente para levar adiante actuacións neste territorio.



(3) Finalidade

A finalidade do convenio que se acompaña é a contribuír á mellora das condicións de vida e á seguridade alimentaria e nutricional nas comunidades do distrito de Namaacha (Mozambique).

(4) Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Fundación CETMAR e a Fundación Ayuda en Acción para a realización do proxecto “Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura”.

(5) A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral. Así mesmo, a necesidade de coordinación entre as entidades asinantes, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 450.000,00 € (catrocentos cincuenta mil euros), con seguinte desglose:

DXREUE		
2022	2023	2024
150.000,00	150.000,00	150.000,00

Ambas fundacións aportarán 26.451,15€ para a execución do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela

